


I.E.S. Eduardo Pondal



Programación Didáctica

Departamento de Orientación

Curso 2023-24

ÍNDICE

- 1. Introducción. Xustificación teórica e legal. Contexto do centro.**
- 2. Liñas prioritarias de actuación.**
- 3. Medidas organizativas .**
- 4. Obxectivos xerais.**
- 5. Ámbitos de intervención:**
 - 5.1. Plan de atención á diversidade. Apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe.**
 - Obxectivos**
 - Estratexias de intervención**
 - Temporalización**
 - Metodoloxía**
 - 5.2. Plan de orientación académico profesional.**
 - Obxectivos**
 - Estratexias de intervención**
 - Temporalización**
 - Metodoloxía**
 - 5.3. Plan de acción tutorial.**
 - Obxectivos**
 - Estratexias de intervención**
 - Temporalización das Actividades Propostas**
 - Metodoloxía**
- 6. Seguimento e avaliación .**

APÉNDICE

- ❖ **Proposta da Concreción do Plan xeral de Atención á Diversidade**

1. INTRODUCCIÓN. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA E LEGAL. CONTEXTO DO CENTRO

XUSTIFICACIÓN TEORICA

A titoría e orientación do alumnado forman parte da función docente. Dende esta concepción, na que educar non é soamente transmitir coñecementos senón contribuir á formación integral da persoa, todo o profesorado ten responsabilidade na función de orientación. Polo tanto, para garantir a sistematicidade e coherencia no desenvolvemento da orientación e do proceso educativo dos diferentes grupos, a función dos titores e titoras, que a dirección do centro nomea ó inicio de cada curso segundo os criterios establecidos na lexislación vixente, é fundamental e o primeiro nivel do proceso orientador. A xefatura de estudos é a máxima responsable da coordinación da acción tutorial.

No departamento de orientación, entendemos a orientación como un proceso de análise e tratamento das situacións educativas desde unha perspectiva de colaboración e axuda sistemática á comunidade educativa. Esta comunidade educativa formada por profesores/as, alumnos/as, pais/nais e persoal de administración e servizos, conforma un sistema no que as relacións que existen entre os seus membros influirán en todos eles, e as actuacións de cada un deles repercutirá nos demais e en sí mesmo. **Non se poden, pois, concebir ailladamente as accións e consecuencias das mesmas, senón que, é necesario coordinar as actuacións de todos e asumir as responsabilidades que cada un/unha de nós temos como parte do sistema educativo.**

No noso modelo de orientación, temos como obxectivo a realización de propostas educativas adaptadas ás necesidades dos distintos elementos que conforman a comunidade escolar, para desenvolver dun xeito colaborativo e compartido entre todo o profesorado, equipo directivo e familias. Entendemos a orientación educativa como un continuo que comenza coa escolarización do alumno/a e que inclúe a toda a poboación escolar á marxe da diversidade que presente, e como un proceso global e unitario que integra aspectos do desenvolvemento persoal e social, dos procesos de ensino-aprendizaxe e os relacionados coa toma de decisións; no que a finalidade básica é acadar o desenvolvemento integral da persoa. Baixo este prisma faise necesario unha estruturación clara do sistema de orientación, establecéndose os seguintes niveis:

Acción Tutorial:

Como primeiro nivel e a través do cal garantimos o dereito de todos os alumnos e alumnas á orientación (art. 1 da LOE). Será desenvolvido por todos os profesores/as do centro (art. 91 da LOE) coordinados por un profesor/a-titor/a de cada grupo (Orde 22 xullo/97, Orde 1 agosto/97 e Orde 3 outubro/00).

Departamento de Orientación:

Servizo interno de orientación nos centros educativos, de carácter especializado, e o servizo da Acción Titorial, composto por: Xefe de Departamento (coa especialidade de Psicoloxía e Pedagogía), Xefes dos Dpto. dos centros adscritos, Profesora de Pedagogía Terapéutica e Tutores adscritos.

Equipos de Orientación Específico:

De carácter provincial, caracterizado pola súa concepción multidisciplinar e especializada. Mais debemos ter en conta que a nosa actuación réxese tamén por unha serie de principios:

PREVENCIÓN: supón o carácter proactivo da orientación, aínda que en determinadas ocasións sexa reactiva. A prevención primaria e a máis vinculada á educación.

PLANIFICACION: a orientación non pode ser unha actividade improvisada ou puntual. Debe ser unha actividade planificada en canto a tempos, actuacións, implicados..

CURRICULARIDADE: apunta a que a orientación se atope integrada no currículo, nas distintas áreas e nos niveis de concreción curricular, que non sexa unha actividade paralela á actividade educativa.

COOPERACIÓN: a necesidade de que exista cooperación e coordinación dos diversos axentes que interveñen. As familias, profesorado e alumnado teñen un papel activo e mom é unha tarefa exclusiva da orientadora.

INTERVENCIÓN SOCIAL: a intervención non se centrará exclusivamente no alumnado, senón que terá como destinatarios tamén as familias, profesorado e incluso o medio. Non debemos esquecer que somos axentes sociais con peso para transformar o entorno.

SISTEMATICIDADE: o sistema educativo está formado por un conxunto de elementos que interactúan entre si, profesorado, alumnado, currículo. O cambio nalgún dos seus elementos producirá repercusións nos demais. As nosas actuacións non se centrarán tan só no alumnado, senón que comprenderán tamén ao resto dos axentes implicados.

DESENVOLVEMENTO PERSOAL: trátase de acadar o desenvolvemento integral das persoas, a todos os niveis: afectivo, cognitivo, académico.

Existen unha serie de consideracións que teremos que ter en conta á hora da elaboración, implementación e avaliación do noso plan de orientación:

-A necesidade do impulso institucional e dinamización do equipo directivo, de cara ao plan; sobre todo da xefatura de estudos, como máximo responsable da coordinación das actividades da orientación.

-A importancia de contar cun clima de colaboración e participación docente tanto no deseño como no desenvolvemento do plan.

-A importancia da Comisión de Coordinación Pedagóxica polo seu carácter funcional, debido ao número reducido de integrantes, a súa composición...para así poder elevar as nosas propostas dende o D.O.

-A utilidade de sensibilizar aos distintos axentes educativos, en relación coas necesidades do centro, a implicación no desenvolvemento dos programas, etc

-A necesidade de partir da existencia dun sistema educativo que ten un carácter aberto e polo tanto precisa manter relacións co entorno, posibilitando así un traballo interdisciplinar entre os distintos axentes do medio.

XUSTIFICACIÓN LEGAL

Puntualizacións legislativas que nos parece importante sinalar e que poñen de manifesto que a orientación educativa considérase un dereito dos alumnos e alumnas e como un principio fundamental.

A **L.O.M.C.E.** (Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa), é unha modificación da L.O.E. (Lei Orgánica de Educación 2/2006, do 3 de maio), e así consta no seu Artigo único.

Na **L.O.E.**, no **artigo 1** establece como un dos principios a orientación educativa e profesional dos estudantes como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.

En canto aos fines da educación, **artigo 2**, sinalase que se prestará unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza e en especial á orientación educativa e profesional.

No **artigo 91** declárase que a **TITORÍA FORMA PARTE DA FUNCIÓN DOCENTE**, ao igual que no **Decreto 324**, e establécese a titoría dos alumnos-as, a dirección e orientación do seu aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo en colaboración coas familias. Tamén a orientación

educativa, académica e profesional dos alumnos-as en colaboración cos servizos ou departamentos especializados.

No **artigo 22** referido á ESO, indícase que se vai prestar atención á orientación educativa e profesional do alumnado.

A **Lei Orgánica 3/2020**, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación regula, no preámbulo, que os principios pedagóxicos que deben orientar ós centros educativos deben estar presididas por o principio de inclusión educativa. No noso contorno máis próximo o **Decreto 120 e a Orde de 24 de xullo** deixan entrever unha concepción da orientación como unha atención individualizada ás necesidades do suxeito, a educación como unha orientación para toda a vida e **a potenciación da acción titorial como medida de atención á diversidade** así como o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que regula a atención á diversidade** do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación (LOE) e a **Orde do 8 de setembro de 2021** polo que se concreta o decreto citado anteriormente.

Normativa Relacionada Coas Funcións E Intervencións Do Departamento De Orientación En Relación Coa Atención Á Diversidade

Decreto 120/ 1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma De Galicia.

Art 7º. Funcións da xefatura do departamento de orientación

g) Realiza-las avaliacións psicopedagóxicas, se é o caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento que se estableza.

i) Coordinar, en colaboración co profesor ou profesora de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando ao xefe de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.

Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de galicia regulada polo Decreto 120/1998

Art. 5º Funcións do departamento de orientación:

d) Diseñar acción encamiñadas á atención temperá, se é o caso, do seu alumnado e o dos colexios e escolas que lle sexan adscritos e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e alumnas.

g) Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ó respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

Art. 6º Funcións da xefatura do departamento:

g) Realiza-las avaliacións psicopedagóxicas do seu centro e, se é o caso, dos centros que lle sexan adscritos, así como asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento e criterios establecidos no proxecto curricular do centro e responsabilizarse, cando cumpra, da elaboración do informe psicopedagóxico.

h) Coordinar as accións dos profesores de apoio do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando ó xefe de estudos, cando cumpra, a proposta de organización de docencia para este alumnado.

Art. 7º Funcións do profesorado de apoio ó alumnado con necesidades educativas especiais:

(Ademais das que lles competen como membro do departamento de orientación)

b) Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesión de avaliación que afecten a alumnado con necesidades educativas especiais.

c) Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas a atención á diversidade do alumnado.

d) Prestarlles atención docente directa ó alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.

Alumnado Con Necesidades Específicas De Apoio Educativo (Aneae), no marco LOMCE:

Artículo 71:

P 2. Corresponde ás Administraciones educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar **necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar**, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

P3.As Administracións educativas establecerán os procedimentos e recursos precisos para unha identificación temperá das necesidades educativas específicas dos alumnos e alumnas ás que se refire o apartado anterior. A atención integral ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo iniciárase dende o momento no que esta necesidade sexa identificada e rexirase polos principios de normalización e inclusión. **(Coordinación do DO coas orientadoras, titoras e profesorado de PT dos centros adscritos para a recollida de información).**

P 4. Corresponde ás Administracións educativas garantir a escolarización, regular e asegurar a participación dos pais ou tutores nas decisións que afecten á escolarización e aos procesos educativos deste alumnado. Igualmente correspóndelles adoptar as medidas oportunas para que os pais destes alumnos reciban o adecuado asesoramento individualizado, así como a información necesaria que lles axude na educación dos seus fillos.

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Xa na Introducción fala de que a LOE considera **ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO (ANEAE)** ó alumnado que presenta: necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables.

O capítulo quinto, dedicado integramente ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, aborda a conceptualización deste alumnado:

Art 32. Concepto.

Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar.

No marco deste Decreto, o concepto de ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO (ANEAE), abrangue todos estes perfís:

- ❖ Alumnado que presenta necesidades educativas especiais. (NEE)
- ❖ Alumnado que presenta dificultades específicas de aprendizaxe.
- ❖ Alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.
- ❖ Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.
- ❖ Alumnado que presenta condicións persoais ou de historia escolar.

Art 9. Medidas extraordinarias de atención á diversidade.

No marco deste decreto, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou unha modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente servizo de orientación.

No marco deste Decreto: as medidas extraordinarias de atención á diversidade:

- Son todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ANEAE.
- Poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario.
- Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar insuficientes.
- Necesitan da autorización da Administración educativa.

Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato para o curso académico 2022/2023.

Artículo 11:

El alumnado del primer curso que presente dificultades continuadas en el proceso de aprendizaje, en particular en las materias lingüísticas, podrá quedar exento de cursar la materia de Segunda Lengua Extranjera. En este caso, recibirá refuerzo educativo en aquellos aspectos en que se detectasen las dificultades, previo informe pertinente de la persona tutora de la etapa o curso anterior, con la colaboración del departamento de orientación, en el cual se hará explícito el motivo de la medida adoptada. En sus documentos de evaluación figurará con la mención de exenta o exento. La competencia de la decisión recaerá en la dirección del centro docente, oídas las personas progenitoras o persona que desempeñe la representación legal del alumnado afectado por la medida.

No Art. 9. Do Decreto 229/2011, considérase, sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa, o apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica como unha medida extraordinaria de atención á diversidade.

DECRETO 229/2011:

Art. 33 do Decreto 229/2011. Alumnado con necesidade específica de apoio educativo ANEAE.

A avaliación inicial constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, e na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Ao finalizar cada curso avaliarase o proceso educativo de cada alumno/a.....

As nais, pais e titores deberán ser informados dos procedementos para a detección temperá das necesidades educativas,.....da aplicación das actuacións e medidas....

Os servizos de orientación deberán de asesorar....

Seguindo esta normativa, existe a coordinación do departamento de orientación do IES. coas orientadores/as dos centros adscritos, no tema, entre outros, da exención da segunda lingua estranxeira.

Art.38. Do decreto 229/2011. Recursos humanos.

P2. Os centros educativos contarán cos profesionais especializados para atender as necesidades do seu alumnado. Entre estes profesionais inclúese o profesorado de pedagogía terapéutica.

P 4. A proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de pedagogía terapéutica será realizada pola xefatura do departamento de orientación, de acordo cos criterios establecidos no plan xeral de atención á diversidade e coa participación do profesorado tutor do alumnado e do propio profesorado de PT.

Art.41. Coordinación Intercentros

P. 2 A posta en común da información recollida na documentación do alumnado e, particularmente, nos informes de fin de ciclo/etapa, tanto do profesorado tutor como do Departamento de Orientación, de ser o caso, formarán parte dese proceso de coordinación.

P. 3 O Plan Xeral de Atención á Diversidade deberá especificar os mecanismos de coordinación entre as distintas etapas e entre os centros educativos implicados.

O Departamento de Orientación deste IES coordínase cos orientadores/as, profesorado de PT, e tutores/as dos centros adscritos, entre outros temas, para a recollida de información do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en diferentes momentos do curso.

CONTEXTO DO CENTRO

O IES Eduardo Pondal está situado en Santiago de Compostela, no Barrio de Conxo, na zona sur da cidade. O centro foi fundado no ano 1978, e recibe o seu nome do escritor Eduardo Pondal, pola súa relación co barrio de Conxo.

Os alumnos e alumnas que cursan estudos neste IES proceden da zona educativa que o Concello de Santiago lle ten asignada e que corresponde a unha parte do Ensanche e mais o barrio de Conxo.

O centro ten 3 centros de educación primaria adscritos: o **CEIP Cardeal Quiroga Palacios**, situado no barrio de Conxo, o **CEIP de Roxos**, e o **colexio concertado A Milagrosa**.

O centro oferta ESO e 2 Bacharelatos: Humanidades/Ciencias Sociais e Ciencias. Os grupos que existen no centro son:

- 4 grupos de 1º ESO.

- 4 grupos de 2º ESO.
- 4 grupos de 3º ESO.
- 4 grupos de 4º ESO.
- 4 grupos de 1º Bach.
- 4 grupos de 2º Bach.

O centro consta de 3 edificios: o principal, no que se atopan as dependencias administrativas, aulas, seminarios, biblioteca, laboratorios, aula de debuxo, aula de proxeccións, 2 aulas de informática, aula de pedagogía terapéutica, departamento de orientación, 2 salas de atención aas familias, sala de usos múltiples; un pavillón de deportes, no que se imparten as clases de EF., un gran patio para o tempo de lecer, e un novo edificio para as aulas de música e tecnoloxía. Tamén ten cafetería.

2. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

1. Actuacións referidas á actualización e elaboración de documentación necesaria.
2. Con respecto ao resto das actuacións propias da orientación educativa, seguiremos as contempladas na Orde do 24 de xullo de 1998.

2.1. Atención a toda a diversidade presente no centro e en particular ao Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (ANEAE) a través da:

2.1.1. Pronta identificación das necesidades educativas do alumnado. Avaliacion Inicial.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisión relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno ou alumna. Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

2.1.2. Exención De Cursar A Segunda Lingua Estranxeira

Nas reunións do Departamento de orientación coas orientadoras dos centros adscritos, trátase todos os cursos o tema da exención da segunda lingua estranxeira. Este tema e as propostas e solicitudes do alumnado dos CEIPS adscritos que inician este curso o 1º da ESO no noso centro sempre é tratado en dous momentos: ao remate do curso anterior, e ao inicio deste. No tema dos

documentos: informes dos titores/as da etapa ou curso anterior, a solicitude das familias, temos consensuado uns modelos propostos por este departamento, nos que se recolle a información necesaria, polo que entre finais do curso anterior e primeiros días de setembro deste curso podemos facer as previsións dos alumnos e alumnas que teremos con esta medida.

2.1.3. Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe ou inclusión no sistema educativo.

Presuposto do que partimos: entendemos a atención á diversidade no centro escolar como o conxunto de propostas curriculares e organizativas que persiguen adecuar as respostas educativas á pluralidade de necesidades de todos e cada ún dos alumnos e alumnas para que acaden as competencias básicas, as capacidades de poner en práctica de forma integrada, en contextos e situación diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas.

Nos primeiros meses (setembro e outubro) do curso analizaráanse as medidas de apoio e a información do alumnado que estivera recibindo apoio pola profesora de PT o curso anterior e dos alumnos e alumnas de nova incorporación ao centro. Despois de varias reunións, organizaráanse os apoios:

A continuación seguirase o protocolo de actuación que marca o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, e o Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro. No caso dos alumnos/as que necesiten unha ACI seguirase o seguinte protocolo:

- Solicitude da correspondiente avaliación psicopedagóxica.
- Reunión coordinada pola xefa de estudos, á que asistirá o profesorado que imparte as áreas obxecto de ACI, o titor/a, e os membros deste departamento. Nesta reunión decidírase a pertinencia da ACI. Ou a solicitude da continuidade da ACI. Farase ACTA da reunión.
- Información á familia da decisión por parte do titor/a.
- Elaboración das ACIs polo profesor/a das áreas ou materias.
- Solicitude da autorización á inspección por parte da dirección do centro.

Seguindo a lexislación vixente, as A.C. desenvolveranse , a poder ser, dentro da aula ordinaria, polo profesor/a da área. Nos casos que sexa necesario, os alumnos/as para os que se decida

unha ACI poderán ter 1/2 sesións semanais de apoio por parte da profesora de PT naquelas áreas que teñan ACI. Priorízanse as áreas instrumentais: LC, LG, e Matemáticas.

Resposta ás demandas realizadas polos departamentos didácticos e os equipos docentes para que nas respectivas programacións se contemplen distintos niveis de dificultades que dean resposta á diversidade presente nas aulas.

2.1.4. Establecemento de canles de coordinación cos CEIPS dos centros adscritos e IES da zona, a través dos departamentos de orientación, para favorecer o proceso de intercambio de información e facilitar o tránsito do alumnado entre as etapas de educación primaria e secundaria.

2.2.Desenvolvemento do plan de acción tutorial:

a) Colaboración na análise das necesidades do profesorado titor e demais profesorado do centro en relación ao desenvolvemento da acción tutorial.

b) Incorporación de contidos relacionados coas **habilidades sociais**, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, a igualdade entre homes e mulleres, a aprendizaxe emocional.

2.3. Participación e implicación das familias, como parte fundamental da comunidade educativa:

a) Dinamización das canles de comunicación e participación entre familias e centro educativo.

b) Colaboración coas familias do centro en temas de interese para a educación dos seus fillos e fillas. Ao longo do curso escolar os pais, nais, e titores legais do alumnado do centro fan demandas contínuas á orientadora sobre diversos temas, pedindo numerosas entrevistas, motivo polo que procurárase facilitar un tempo específico para estes asuntos, xa que moitos deles teñen dificultades para acudir por motivos laborais.

2.4.Desenvolvemento do Plan de Orientación Académico-Profesional:

a)Accións encamiñadas a informar ó alumnado, familias e titores sobre distintas opcións académico-profesionais.

b) Fomentar e axudar no proceso de toma de decisións para o trazado da carreira académico-profesional.

3. MEDIDAS ORGANIZATIVAS

Para poder coordinar e levar a cabo o plan de orientación, na planificación xeral do centro contémpanse as seguintes medidas organizativas:

- Reunión dos membros do departamento de orientación do IES.
- Reunión trimestral cos Departamentos de Orientación dos CEIPS adscritos.
- Reunión semanal da orientadora coa profesora de PT para coordinar as intervencións específicas de apoio ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Coordinación cos Servizos Sociais dos Concellos de Santiago de Compostela. Esta coordinación será: via teléfono, reunións no departamento de orientación do centro, reunións na sede dos servizos sociais respectivos, no horario da xefa do departamento de orientación.
- Reunións co persoal técnico (psicólogos/as, educadores/as sociais, traballadores/as sociais) das entidades que desenvolven os programas e obradoiros: Igaxes-3, Cruz Vermella-Xuventude, Centro Sociocultural de Conxo... para organizar e coordinar os Programas que se van a desenvolver dende este departamento.

4. OBXECTIVOS XERAIS

A Nivel Centro

- Promocionar o bo funcionamento do departamento de orientación.
- Asesorar en aspectos psicopedagóxicos e metodolóxicos ó profesorado do centro e centros adscritos apoiando a súa labor educativa.
- Planificar, coordinar e desenvolver actuacións encamiñadas á atención á diversidade: avaliacións psicopedagóxicas, reforzos e adaptacións curriculares (...).
- Promover unha educación integral e personalizada.
- Diseñar, coordinar e avaliar actuacións que favorezan a convivencia e o clima escolar.
- Establecer canles de comunicación centro-centros adscritos-pais-alumnado promovendo a participación das familias na vida escolar.
- Participar no deseño, desenvolvemento e avaliación do Plan de Convivencia e de Igualdade.

A Nivel Alumnado

- Orientar ó alumnado en aspectos persoais, académicos e profesionais.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas necesarias.
- Colaborar no deseño, desenvolvemento e avaliación de medidas de reforzo pedagóxico e/ou adaptacións curriculares ós alumnos/as que o necesiten.
- Axudar ós alumnos/as nos momentos de maior dificultade: ingreso, cambios de ciclo, elección de optativas, finalización de estudos, etc.
- Diseñar actuacións encamiñadas á adquisición e consolidación de técnicas instrumentais básicas, priorizando a lectura e a escritura.
- Axudar ó alumnado a adquirir habilidades sociais e hábitos de convivencia que lles permitan unha relación positiva cas demais persoas.

A Nivel Equipo Docente

- Coordinar e impulsar a acción tutorial propoñendo actividades individuais e grupais que favorezan o desenvolvemento integral do alumnado.
- Informar ó profesorado de características relevantes dos alumnos/as para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Asesorar ó profesorado na implantación de técnicas de traballo intelectual na aula.
- Asesorar, desde un punto de vista psicopedagóxico, en cuestións metodolóxicas e na organización e agrupamento de alumnos/as.
- Asesorar e colaborar no deseño, desenvolvemento e avaliación de medidas de atención a diversidade.
- Colaborar na detección de dificultades de aprendizaxe e/ou outros problemas educativos.

A Nivel Familiar

- Promover as relacións titores-familia e centro-familia.
- Solicitar a colaboración familiar na educación dos fillos/as.
- Orientar ás familias no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Informar ás familias de cuestións educativas, académicas e profesionais que afecten ós seus fillos/as.

A Nivel Centros Adscritos

- Fomentar as relacións e coordinación centro-escolas adscritas.

5. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

Dos obxectivos xerais propostos neste proxecto de orientación priorizaranse aqueles que se consideren fundamentais para este curso. Os obxectivos prioritarios traballaranse a través de tres ámbitos de actuación estreitamente relacionados entre si: apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe, orientación académica e profesional, e acción tutorial.

1. Apoio ó Proceso de Ensino-Aprendizaxe.

Obxectivos Específicos

- Asesorar ós distintos membros da comunidade escolar en cuestións pedagóxicas e psicolóxicas, incidindo en técnicas de estudo que favorezan a comprensión oral e escrita, e mais en hábitos de convivencia que melloren o clima social do centro.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas necesarias e os correspondentes informes.
- Colaborar no deseño, desenvolvemento e avaliación de medidas de reforzo e adaptacións do currículo.
- Realizar reunións do departamento de orientación.
- Establecer contactos trimestrales e telefónicos centro-escolas adscritas.
- Informar ós pais e solicitar a súa colaboración.

Estratexias de Intervención

A Nivel Centro

Medidas *preventivas*

- Asesorar á comunidade educativa en aspectos psicopedagóxicos.
- Impulsar a acción tutorial e a orientación académica e profesional do alumnado.

Medidas *ordinarias*

- Reunións de departamento, CCP, claustro e entrevistas individuais.

A Nivel Profesorado

Medidas *preventivas*

- Fomentar a realización dunha avaliación inicial (en cuestións persoais e académicas) no primeiro trimestre coa finalidade de identificar ós alumnos/as con dificultades.
- Realizar na 3ª avaliación unha análise do alumnado que precisa continuar recibindo reforzo, apoio educativo de PT u outra medida de atención á diversidade cara o vindeiro curso.

Medidas *ordinarias*

- Asesoralos na forma de intervir en alumnos/as con dificultades de aprendizaxe.
- Dar a coñecer os protocolos de actuación vixentes no portal educativo da Xunta para alumnado con NEAE.
- Colaborar na relación titores-familias.
- Orientalos na realización do apoio educativo.
- Proporcionar materiais e bibliografía ó profesorado.
- Asesorar ó profesorado en actividades de tutoría.

Medidas *extraordinarias*

- Orientalos na realización das adaptacións curriculares.

A Nivel Alumnado

Medidas *preventivas*

- Mellorar a súa integración no grupo.
- Impulsar a formación dun autoconceito axeitado e mellorar a autoestima.
- Fomentar a adquisición de valores (contidos transversais).
- Fomentar a detección de alumnos/as con dificultades.

Medidas *ordinarias*

- Consolidar as técnicas instrumentais básicas, especialmente a lectura e escritura.
- Proporcionar o apoio educativo que precisen os alumnos/as con dificultades.
- Orientar ó alumnado persoal, académica e profesionalmente, proporcionando unha atención individualizada a aqueles alumnos/as que o precisen.

Medidas *extraordinarias*

- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas necesarias.
- Colaborar na elaboración e desenvolvemento das adaptacións do currículo que se precisen.

A Nivel familiar

Medidas *preventivas*

- Implicar ós pais nas actividades educativas e informarlles das necesidades educativas dos seus fillos/as.
- Solicitar a colaboración dos pais no establecemento de rutinas e hábitos de estudo na casa.

Medidas *ordinarias*

- Informar ós pais sobre a marcha dos seus fillos/as.
- Solicitar a súa colaboración na realización de actividades de apoio na casa.

A Nivel Centros Adscritos

Medidas *preventivas*

- Fomentar a atención temperá na escola.

Medidas *ordinarias*

- Impulsar as relacións centro-escolas adscritas. Contactos coa orientadora.
- Facilitar o intercambio de información sobre ANEAE. Fomentarse a coordinación entre o profesorado dos centros adscritos coa orientadora e profesorado do centro. Colaborar na elaboración de protocolos que afecten á actuación dos centros implicados.
- Facilitar a transición do alumnado de primaria a secundaria, concretamente do alumnado de 6º curso de primaria dos centros adscritos para 1º da ESO; e de ESO a bacharelato.

Medidas *extraordinarias*

- Seguir coordinando o procedemento para a solicitude da exención da segunda lingua estranxeira.

Temporalización

Tódalas medidas, preventivas ordinarias e extraordinarias, levaranse a cabo do curso escolar xa que a actitude preventiva debe estar presente sempre en tódolos educadores. Utilizaranse os seguintes recursos: reunións coas familias, canles de coordinación entre o profesorado (reunións de departamento, reunións da CCP, etc.) co fin de axustar o proceso de ensino-aprendizaxe ás necesidades do alumnado, actividades de tutoría e actividades curriculares dentro da aula ordinaria, reunións grupais e individuais co alumnado.

Metodoloxía

Recursos Materiais

Materiais de avaliación e reeducación, aula de apoio de PT, departamento de orientación, materiais de tutoría, programacións de aula adaptadas ás características dos alumnos/as.

Recursos Humanos

Profesorado, profesores/as tutores, orientadora, equipo específico, equipo directivo, familias.

2. Plan de Orientación Académica e Profesional

Obxectivos Específicos

- Facilitar ó alumnado información académica e laboral.
- Fomentar a busca e manexo de información.
- Orientar ó alumnado académica e profesionalmente.
- Axudar ó alumnado a coñecerse a si mesmo e a tomar as decisións máis axeitadas a súas características persoais.
- Fomentar a responsabilidade persoal no proceso de toma de decisións.
- Eliminar os estereotipos de xénero na transmisión de valores e na orientación vocacional,

promocionando a igualdade entre homes e mulleres.

Estratexias de intervención

A Nivel Centro

- Establecer actividades que favorezan a adquisición de información académica e laboral.
- Informar ó alumnado de que o departamento de orientación é un servizo a súa disposición para asesorarse académica e profesionalmente.

A Nivel Profesorado

- Impulsar a colaboración do profesorado para que proporcionen información académica e profesional a través das áreas curriculares e actividades de tutoría.

A Nivel Alumnado

- Informar ó alumnado das opcións académicas e laborais do seu contorno a través de charlas, tutorías e áreas curriculares, incidindo na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Axudar ó alumnado na adquisición e manexo de información proporcionándolle folletos, guías, teléfonos de interese, direccións, etc.
- Axudar ó alumnado a coñecerse a si mesmo: reflexión sobre as súas motivacións, capacidades, posibilidades, etc.
- Asesorar ó alumnado na toma de decisións, explicándolle as fases do proceso e fomentado a toma de decisións en outros aspectos da vida, eliminando estereotipos asociados ó xénero.

A Nivel Familiar

- Informar ás familias da conveniencia de facer fillos/as autónomos que sexan capaces de tomar as súas decisións.
- Colaborar coas familias na promoción de igualdade entre homes e mulleres e na eliminación de estereotipos de xénero na transmisión de valores e na orientación vocacional.
- Informar ás familias da importancia da súa colaboración no asesoramento académico e

profesional dos seus fillos/as.

- Todos estes aspectos traballaranse a través do plan de acción tutorial, de entrevistas coas familias, de actividades complementarias e das áreas curriculares.

Temporalización

O departamento de orientación en colaboración co equipo directivo impulsará a orientación académica e profesional a través do plan de acción tutorial, áreas curriculares, actividades extraescolares e complementarias e asesoramento individual daqueles alumnos/as que o precisen. Co fin de acadar este obxectivo será imprescindible a colaboración e coordinación do equipo docente, especialmente dos profesores/as tutores, e a comunicación do centro cos servizos e organismos da comunidade.

Metodoloxía

Actividades relativas ó *coñecemento de si mesmo e mellora da autoestima*

- Xa desde os primeiros anos deberase procurar que os nenos/as coñezan as súas capacidades, gustos e limitacións de forma axeitada e se valoren a si mesmos.

Actividades relativas ó *coñecemento do mundo académico*

- Charlas: coñecemento de itinerarios formativos, optativas, grupos profesionais, acceso á universidade, etc.
- Xornadas de portas abertas para o alumnado de 6º EP de centros adscritos se a situación sanitaria o permite.

Actividades relativas ó *coñecemento do mundo profesional*

- Coñecemento de distintas profesións, eliminado estereotipos de xénero.
- Visita a centros educativos de formación profesional para alumnado de 4º de ESO (xornadas de portas abertas do CIFP Politécnico) se a situación sanitaria o permite.

Actividades relativas á *toma de decisións*

- O longo da súa vida persoal e académica os adultos deben facilitar ós nenos/as que tomen as súas decisións e que se responsabilicen dos seus actos.

Recursos Materiais

- Guías e folletos de profesións, carreiras, información sobre becas e axudas; itinerarios académicos; tipos de ensinanzas non regradas e lugares onde cursalos; xornais; internet.

3. Plan de Acción Titorial

Obxectivos Específicos

- Facilitar a integración do alumnado a través de accións que favorezan a convivencia e melloren o clima social no centro.
- Promocionar o respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- Fomentar a igualdade, eliminando estereotipos asociados ó xénero, orientación afectivo-sexual, raza ou calquera outra condición que poida resultar discriminatoria.
- Colaborar cos titores na planificación de actividades para o desenvolvemento da función titorial.
- Fomentar a adquisición de habilidades sociais que melloren a convivencia.
- Potenciar o uso de técnicas de traballo intelectual na práctica curricular coa finalidade de afianzar as aprendizaxes básicas: lectura e escritura.
- Orientar ó alumnado académica e profesionalmente.
- Colaborar cos titores para impulsar a participación das familias no proceso educativo.
- Fomentar as relacións centro-escolas adscritas.

Estratexias de intervención

A Nivel Centro

- Estudar a proposta de actividades de titorías.
- Inclusión de obradoiros de entidades como Cruz Vermella e Igaxes.

- Programa Conecta-Aleida, Igaxes-3 de tutorías individualizadas de mediación no conflito e prevención de acoso escolar e programa de competencias familiares.

A Nivel Alumnado

- Animar ó alumnado a participar na vida do centro a través da Rede De Corresponsais Xuvenies e do grupo Alianza pola Diversidade.
- Fomentar a adquisición e desenvolvemento de habilidades sociais.
- Fomentar o desenvolvemento cognitivo a través do uso de técnicas de traballo intelectual nas actividades da clase e nas tarefas de estudio para casa.
- Fomentar o respecto polos demais e respectar as cousas e a natureza.
- Mellorar o autocoñecemento e a autoestima do alumnado. O equipo docente pode resaltar aspectos positivos dos nenos/as durante as clases, recreos, excursións, etc.
- Animar ó alumnado a ser consciente das súas necesidades (persoais, académicas ou profesionais) e a pedir axuda.
- Ofrecer ó alumnado orientación persoal, académica e profesional: charlas, entrevistas individualizadas, obradoiros, visita a un centro de FP.
- Establecer tutorías individualizadas para o alumnado que o precise coa entidade Igaxes para tratar diversas problemáticas.

A Nivel Profesorado

- Proporcionarlles instrumentos que lles faciliten o coñecemento do alumnado.
- Proporcionarlles material de tutoría e colaborar no desenvolvemento de actividades de tutoría, incidindo naquelas que melloran a convivencia e o clima social do centro.
- Asesoralos, dende un punto de vista normativo e psicopedagóxico, no deseño, implantación e avaliación de medidas de atención á diversidade.
- Fomentar a utilización de técnicas de estudio, especialmente as que fomentan a comprensión lectora, nas distintas áreas curriculares.
- Colaborar cos titores na comunicación coas familias.

A Nivel Familiar

- Cooperar na relación titores-familia para previr posibles problemas e para solucionar os que xurdan.
- Colaborar en actividades informativas e formativas dirixidas ós pais.

A Nivel Centros Adscritos

- Fomentar as relacións con centros adscritos vía teléfono, reunións no departamento de orientación do centro, reunións nas sedes das entidades... no horario da xefa do departamento de orientación.
- Reunións trimestrais da Coordinadora de Traballo en Rede Conxo/Compostela Sur

	Actividade	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
1ª Trim.	I	Elección de delegado/a, Lectura das Normas de Organización e Funcionamento do centro e Realización do inventario da aula.	Elección de delegado/a, Lectura das Normas de Organización e Funcionamento do centro e Realización do inventario da aula.	Elección de delegado/a, Lectura das Normas de Organización e Funcionamento do centro e Realización do inventario da aula.	Elección de delegado/a, Lectura das Normas de Organización e Funcionamento do centro e Realización do inventario da aula.
	II	¿Que é a ESO? Organización horaria, Materias, Horarios. Criterios de promoción. Motivación e planificación do estudo.	Practicamos técnicas de estudo: Identifico a idea principal, sulño, realizo esquemas e/ou resumos. Realizo un horario de estudo.	Practicamos técnicas de estudo: Identifico a idea principal, realizo esquemas e/ou resumos. Realizo un horario de estudo.	Criterios de Promoción e Titulación na ESO.
	III	Prevención de Acoso Escolar (Obradoiro Cruz Vermella)	Obradoiro sobre Redes Sociais (Concello de Santiago).	Alguns compañeiros/as fuman e/ou beben. E eu, ¿que fago?	Practicamos técnicas de estudo: Identifico a idea principal, realizo esquemas e/ou resumos. Realizo un horario de estudo
2ª Trim.	I	Uso axeitado das Novas Tecnoloxías: Redes Sociais, Vídeo – xogos. (Obradoiro Cruz Vermella)	Autocoñecemento e autoestima . A seguridade en si mesmo. Para qué serve? Cómo se consegue?	¿Que é a ecoloxía? Respectamos o mundo vexetal e animal.	Educación ambiental: conduta respectuosa cara ós seres vivos e a natureza
	II	Alimentación San. Realizamos un menú saudable	Alimentación San. Prevención de trastornos alimentarios	Sexualidade e Relacións Non Coercitivas. Prevención nas relacións sexuais: embarazos non desexados e enfermidades de transmisión sexual	Prevención no consumo de sustancias tóxicas e condutas de dependencia (Obradoiro UMAD).
	III	Habilidades Sociais e emocionais na prevención de conflitos (Cruz Vermella)	Obradoiro Igualdade de Xénero (Movemento Pola Paz)	Obradoiro de Imaxe Corporal e Autoestima (Quérote +)	Educación para a saúde: Alimentación Saudable. Prevención trastornos da alimentación (Obradoiro Cruz Vermella)
3ª Trim.	I	Internet: vantaxas e perigos	Educación Cívico-Tributaria. (Técnicos da Axencia Tributaria)	Obradoiro de Educación para a Cidadanía Global (Movemento pola Paz)	Habilidades sociais: Tolerancia: Valorar as diferencias individuais e desenvolver condutas non discriminatorias. Favorecer e promover o respecto á libre orientación afectivo-sexual e a identidade de xénero (Movemento pola Paz)
	II	Autoestima e conducta asertiva.	Xestión Emocional (USC)	A seguridade nas estradas. Principais causas dos accidentes de circulación. Alcol, drogas e conducción.	Información académica: tipos de bacharelatos, CFGM , CFGS, FP básica e ed. de Adultos.
	III	Información académica sobre o curso seguinte. Avaliación da tutoría.	Información e asesoramento sobre materias de 3º e 4º de ESO. Avaliación da tutoría.	Información e asesoramento sobre materias de 4º de ESO. Saídas académicas e profesionais en relación ó itinerario escollido. Avaliación da tutoría.	Toma de decisións e elaboración do consello orientador. Avaliación da tutoría.

OBRADOIROS IMPARTIDOS POR ORGANIZACIÓNS EDUCATIVAS E/OU SEN ÁNIMO DE LUCRO

Cruz Vermella, Movemento pola Paz, Quérote +, Universidade de Santiago, UMAD e outras organizacións sen ánimo de lucro de e a participarán, a través dos seus obradoiros, no desenvolvemento da acción tutorial.

Metodoloxía

O departamento de orientación actuará como coordinador do plan de acción tutorial contando coa colaboración do equipo directivo e profesorado titor.

As actividades secuenciaranse por trimestres e axustaranse ó nivel evolutivo e ás características do alumnado. As actividades para o alumnado levaranse a cabo durante a hora de titorías e a través das áreas académicas, seguindo o principio de transversalidade. As actividades para pais realizaranse a través de reunións ou charlas grupais, actos escolares e na hora de atención individual a pais.

As actividades para o profesorado desenvolveranse durante as reunións establecidas.

Recursos Persoais

Membros do departamento de orientación, xefe de estudio, profesorado, profesores/as tutores, equipo de orientación específico, pais e alumnado.

Recursos Materiais

Documentación recollida de publicacións pedagóxicas, libros de texto, saídas culturais, bibliografía e material do departamento de orientación.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

- Avaliación Inicial

Opiniós do profesorado, xefas de estudio, membros do departamento de orientación, alumnado e a lectura da documentación do centro servirán para identificar as necesidades do centro.

- Avaliación Continua

Durante a posta en marcha do plan de orientación realizaranse as modificacións que se consideren oportunas, acordadas na reunións do departamento e CCP.

- Avaliación Final

No terceiro trimestre realizarase a avaliación final, na que se terán en conta os seguintes criterios.

Apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe. Plan de atención á diversidade.

1. Identificación de necesidades educativas específicas.
2. Número de apoios impartidos e resultado dos mesmos.
3. Adecuación dos horarios de apoio en función das necesidades do alumnado e posibilidades do centro.
4. Valoración das distintas medidas de atención á diversidade levadas a cabo: apoios dos especialistas, agrupamentos e reforzos.
5. Relacións centro-familia e implicación da mesma no proceso de ensino-aprendizaxe.
6. Valoración da familia na evolución do seu fillo/a.

Plan de Orientación Académica e Profesional

1. Interese suscitado por parte do alumnado.
2. Grao de coñecemento por parte do alumnado dos distintos itinerarios académicos e profesionais existentes.
3. Adecuación do itinerario elixido en función dos intereses, motivación e aptitudes do alumnado.
4. Adecuación do asesoramento recibido polas familias de alumnado con necesidades educativas especiais.

Plan de Acción Titorial

1. Adecuación das actividades ós gustos, intereses e necesidades do alumnado.
2. Interese suscitado por parte do alumnado e profesorado.

3. Valoración das habilidades sociais do alumnado e dos tipos de conflitos xurdidos, así como a solución dos mesmos.
4. Valoración da aplicación de técnicas de traballo intelectual e de hábitos de estudo por parte do alumnado.
5. Valoración dos contactos titor-centro-familia.

APÉNDICE

PROPOSTA DA CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CURSO 2023 - 2024

ÍNDICE

- 1. Xustificación legal.**
- 2. Identificación e valoración de necesidades.**
- 3. Descripción das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade:**
 - 3.1. Medidas ordinarias.**
 - 3.2. Medidas extraordinarias.**
- 4. Procedemento que se seguirá para pór en marcha as diferentes medidas de atención á diversidade.**
- 5. Seguimento e avaliación.**

1. XUSTIFICACIÓN LEGAL

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación (L.O.E.)

Art. 11. Elaboración E Relación Co Proxecto Educativo.

P.3 O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do P.X.A.D.

P.4 Ao comenzo de cada curso escolar, o Departamento de Orientación elaborará a proposta da concreción do P.X.A.D., que deberá formar parte da programación Xeral Anual.

P. 5 O Equipo Directivo incorporará a concreción do P.X.A.D. , velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

Entendemos por diversidade as diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares, diferenzas en canto a: *aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración, estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, entornos sociais e culturais...* Estes aspectos conforman tipoloxías e perfís no alumnado que deben determinar, en gran medida, a planificación e acción educativa.

Dentro desta diversidade xeral, pode que algún alumnado precise dunha atención diferente a ordinaria:

- Por presentar n.e.e (alumnado que requira por un período da súa escolarización ou ao longo dela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.
- Por presentar dificultades de aprendizaxe
- Por as súas altas capacidades intelectuais
- Por terse incorporado tardiamente ao sistema educativo
- Por condicións persoais e de historia escolar

Para todos eles, unha vez identificadas as necesidades específicas, será preciso ir adaptando as respostas educativas dende **as programacións xerais e as programacións da aula**, ata aquelas outras propostas que modifiquen mais ou menos significativamente a proposta curricular, podendo chegar a requirir propostas organizativas diferenciadas e recursos persoais de apoio mais ou menos especializados, sempre dende os principios de normalización e inclusión, é por iso, que **priorizaremos as medidas ordinarias** e soamente despois consideraranse as medidas extraordinarias, cando se valore e xustifique a súa necesidade.

Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa:

“Cincuenta e sete: Corresponde ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, **TDAH**, polas súas altas capacidades intelectuais, por se ter incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.”

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES

A identificación das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa constitúen procesos necesarios para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade.

Todo isto farase a través dos seguintes mecanismos:

- Na avaliación inicial realizada a comezos de curso e dirixida a toda etapa da ESO.
- Nas xuntanzas da avaliación de cada trimestre.
- Ao finalizar cada curso avaliarase o proceso educativo de cada alumno e de cada alumna.(**Informe Final de Avaliación**)

- En momentos puntuais ao longo do curso, segundo as necesidades detectadas.

En canto a valoración das necesidades, con respecto ao alumnado:

- Hai dificultades no desenvolvemento e afianzamento das técnicas instrumentais básicas: dificultades para extraer as ideas principais dun texto, para expresarse tanto por escrito como a nivel oral, dificultades no razoamento e lóxica así como no cálculo mental.
- Non hai adquiridos hábitos de traballo.
- Deficiente organización do traballo persoal (calendario, horario diario de estudo, axenda).
- Emprego dun método de estudo memorístico. Non teñen adquirido as técnicas de traballo (lectura comprensiva, subliñado, resumo, esquemas...).
- Alumnado que presenta Necesidades Específicas de Apoio Educativo este curso:
 1. Alumnado que presenta TDAH en todos os cursos da ESO e Bacharelato.
 2. Alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe que solicitaron exención da segunda lingua estranxeira.
 3. Alumnado que presenta TEA.
 4. Alumnado con dificultades derivadas da súa condición persoal e historia escolar.
 5. Alumnado con discapacidade auditiva.

En canto aos pais, nais, do alumnado:

- Necesidade de supervisión dos hábitos de estudo e a organización.
- Colaboración co centro para apoiar o traballo desenvolvido polos docentes (inculcar aos fillos/as esforzo, traballo e constancia).
- Maior comunicación co centro educativo (reunión de presentación do novo curso, entrevistas individuais no primeiro trimestre e ao longo do curso).

Con respecto as necesidades detectadas en relación ao profesorado:

- Problemática á hora de atender individualmente a un alumno ou alumna con necesidades específicas de apoio, xa que dentro dun mesmo grupo hai alumnos e alumnas con necesidades diferentes. Esta situación impide establecer actuacións variadas que favorezan a atención á diversidade do alumnado
- En relación ao alumnado no centro e sobre todo nos primeiros cursos da ESO, observamos un incremento das dificultades xeneralizadas de aprendizaxe nas áreas instrumentais, fundamentalmente con referencia ao uso das linguas en xeral a nivel expresivo (oral e escrito) e receptivo, precisando adoptar medidas organizativas e curriculares axeitadas segundo as circunstancias.

3. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Seguindo os obxectivos propostos no PXAD, organizaremos as seguintes medidas de atención á diversidade segundo regula o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade**, e a **Orde do 8 de setembro de 2021** que o desenvolve:

3.1. MEDIDAS ORDINARIAS

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

- Os agrupamentos, a confección de grupos e horarios estableceranse de acordo cos principios de: normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia.
- No que respecta aos espazos, priorizaranse as seguintes actuacións:
 - Crear ambientes acolledores, estimulantes, cómodos e personalizados.
 - Facilitar o acceso do alumnado aos departamentos didácticos, ao departamento de orientación (para dar facilidade ao alumnado, a

orientadora intentará dispor no seu horario de tempo nos recreos), á biblioteca do centro, ao ximnasio, etc.

b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

No mes de setembro os xefes/as dos departamentos concretarán nas correspondentes programacións didácticas os elementos establecidos segundo a normativa vixente. Así mesmo, cada profesor/a, desde a súa materia, adaptará a programación didáctica do seu departamento a cada grupo de alumnos/as en particular, unha vez realizada a avaliación inicial dos diferentes grupos, en:

Obxectivos e contidos:

- Adecuar os obxectivos ás peculiaridades da aula e do alumnado do grupo-clase.
- Precisar cales son os obxectivos e contidos mínimos de cada unidade didáctica.
- Seleccionar e priorizar aqueles contidos que sexan funcionais para o alumnado e que lle permitan aprender por si mesmo.
- Establecer secuencia de contidos que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.

Metodoloxía:

Como punto de partida é necesario crear un clima positivo de respecto, confianza e esixencia tanto entre o profesorado e o alumnado como entre o alumnado. Para conseguir este propósito, o profesorado poderá establecer diferentes tipos de agrupamentos dentro da aula para atender á diversidade:

- Traballo en pequeno grupo para favorecer a relación entre o alumnado, a cooperación e a colaboración. A través desta proposta de traballo buscarase aproveitar as habilidades de cada un para o traballo en común.
- Titorización nalgunhas actividades por un compañeiro/a da aula (aprendizaxe entre iguais).

- Aprendizaxe por proxectos.
- Traballo individualizado profesorado/alumnado en momentos moi determinados e breves que favorecerán a seguridade do alumnado.

Os traballos en grupo realizaranse sempre mantendo a distancia de seguridade ou telemáticamente mentras dure a pandemia.

Actividades:

- Diversidade de actividades para cada contido.
- Actividades secuenciadas segundo a súa dificultade (cada alumno/a vai realizando e, unha vez superadas, pasan ás de nivel seguinte).
- Existencia de actividades de libre elección.
- De reforzo (para todo o grupo como repaso ou para alumnado con dificultades de aprendizaxe).
- De ampliación (para alumnado avantaxados).

Avaliación:

- Realizar unha avaliación inicial ao comezo do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Seleccionar técnicas e instrumentos de avaliación múltiples e variados. Este punto é de gran importancia para o alumnado que presenta TDHA.
- Diversidade nos criterios de cualificación: nota das probas, dos exames de trimestre, traballos de aula, actitude, comportamento, asistencia...
- Contextualizar os criterios de avaliación seguindo os mesmos criterios de adecuación empregados ao contextualizar os obxectivos

c) A acción tutorial e a orientación.

O desenvolvemento da acción tutorial constitúe unha das medidas de atención á diversidade máis eficaz para coñecer ao alumnado, identificar as dificultades que

poidan existir no seu proceso de aprendizaxe, considerar o tipo de agrupamento adecuado e facilitar a integración dos alumnos/as no seu grupo clase e no centro.

Destinatarios: Todo o alumnado.

Profesorado: Todo o equipo de profesores/as, coordinado polo titor/a, co apoio do departamento de orientación.

Temporalización: Durante todo o curso escolar.

Dentro do Plan do Departamento de Orientación, do Plan de Acción Titorial, e do Plan de Convivencia do centro están integradas todas as accións relacionadas co ámbito da acción titorial que se desenvolven durante o curso a través de diferentes programas e obradoiros.

Destacamos a importancia da labor do titor/a, e da necesidade de que este profesional conte co tempo necesario para poder levar a cabo as súas funcións, polo que seguimos insistindo na proposta de mellora de que o titor/a teña tempos para poder coordinarse co departamento de orientación, e para que este departamento poda aportar o asesoramento e a axuda necesaria que se lle demande.

d) Desdoblamento de grupos en matemáticas

Medida organizativa de atención á diversidade que permite traballar en grupos máis reducidos para prestar unha atención individualizada ao alumnado. Esta medida se realizará sempre que sexa posible. Este curso teremos dous desdobres na materia de matemáticas nas clase de 1º ESO C e D e 2ºESO C e D.

e) Programa de habilidades sociais

Consiste en facilitar ao alumnado un repertorio de habilidades sociais, cognitivas e de control emocional que poidan usar para mellorar a calidade das súas relacións sociais e para resolver ou prever problemas ou dificultades nas súas relacións cos demais.

Organízase e desenvólvese a través do Plan do departamento de Orientación (Ámbito da acción titorial), do Plan de Igualdade e do Plan de Convivencia.

3.2.MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

a) Adaptación curricular individual (ACI)

Protocolo de actuación:

- ✓ Solicitud da correspondente avaliación psicopedagóxica por parte do equipo docente ou por algún dos seus membros. **(informe cas conclusións da avaliación psicopedagóxica. Protocolo: Avaliación Psicopedagóxica, Recollida de Información).**
- ✓ Reunión coordinada polo xefe de estudos á que asistirán o titor/a, os profesores/as que imparten as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación curricular, os membros do departamento de orientación que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta reunión decidírase a pertinencia da adaptación curricular. **(Acta. Protocolo: Acta da Reunión para decidir a Pertinencia da Adaptación Curricular).**
- ✓ Información á familia por parte do titor o titora.
- ✓ Elaboración das adaptacións das diferentes áreas por parte do profesor ou profesora que imparte a materia, coa colaboración do departamento didáctico e co asesoramento do departamento de orientación. O referente das adaptacións serán os obxectivos xerais de etapa, concretados no proxecto curricular de centro para cada curso. Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinta da que curse o alumno obxecto de adaptación. As adaptacións revisaranse periodicamente, polo menos unha vez ó remate de cada curso. A avaliación e promoción do alumnado obxecto de adaptación tomará como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación fixados nas adaptacións curriculares.
- ✓ Solicitud de autorización á inspección por parte da dirección do centro.

Documentación necesaria:

- Informe psicopedagóxico cas conclusións da avaliación psicopedagóxica.
- Acta da reunión da decisión

- Documento de información á familia
- Programacións adaptadas das diferentes áreas

O profesor de PT prestará apoio a este alumnado con necesidades específicas de apoio educativo de acordo á normativa.

Durante a avaliación inicial o equipo docente estudiará a posibilidade de renovación das adaptacións curriculares levadas a cabo o curso anterior así como a realización de ACIs novas.

b) Agrupamentos flexibles

Protocolo de actuación:

- Proposta razoada do equipo de profesores do grupo ao que pertence o alumno ou alumna expresada nun **Informe do titor ou titora. (Protocolo: Agrupamento Flexible. Informe Individualizado Titor/a)**
- Información aos pais e o alumno por parte do titor ou titora.
- Decisión de incorporación tomada pola comisión formada por xefe de estudos, xefe do departamento de orientación e titores ou titoras do alumnado proposto. **(Acta. Protocolo: Acta da decisión sobre a incorporación Agrupamento Flexible).**
- Elaboración das programacións didácticas adaptadas por parte dos correspondentes departamentos didácticos.
- Envío da proposta por parte da Dirección do centro á Inspección Educativa para a súa autorización. Esta proposta incluírá: selección do alumnado indicando os criterios aplicados, horario, profesorado que se vai a encargar da docencia, as áreas nas que se van a constituír agrupamentos específicos, así como as correspondentes programación didácticas adaptadas.

Estas programacións partirán dos obxectivos e contidos mínimos establecidos no proxecto curricular do centro e, cando sexa preciso, dos obxectivos e contidos do 3º ciclo de educación primaria. Deberase primar o carácter práctico e funcional dos contidos.

Documentación necesaria:

- Informe do titor ou titora
- Documento de información aos pais e alumno
- Acta da decisión de incorporación
- Programacións didácticas adaptadas

Esta medida realizarase sempre que se considere necesaria e sexa posible.

c) Apoio do profesorado de PT

O profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) ten, a parte das funcións que lle competen como membros do departamento de orientación, a de participar na avaliación inicial e naquelas avaliacións que afecten ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, e de colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, a atención directa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. A esta última función refírese este apartado:

As intervencións específicas que sexan precisas por parte do/a profesor/a de PT serán propostas e deseñadas polo Departamento de Orientación, en colaboración co profesorado da materia obxecto de apoio, e do titor/a do grupo ao que pertence o alumno/a. A coordinación desas actuacións corresponde á xefatura de estudos do centro, a autorización corresponde á dirección do centro.

Alumnado ao que vai dirixido o apoio do profesorado de PT: alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo que sexa obxecto dalgunha medida extraordinaria de atención. O apoio se prestará na aula de PT e na aula ordinaria, dependendo das necesidades.

Protocolo de actuación:

- ✓ Solicitud do apoio por parte do profesorado indicando o motivo a través dun informe.
- ✓ Información á familia a través do titor ou titora.
- ✓ Proposta de apoio do departamento de orientación.
- ✓ Información á xefatura de estudos.

- ✓ Autorización da Dirección.

Documentación necesaria:

- Informe de solicitude apoio.
- Documento de información á familia.
- Proposta de apoio do departamento de Orientación.
- Documento de proposta á Dirección do centro.

Este curso, temos 1 profesor especialista en Pedagogía Terapéutica.

Proposta do apoio do profesorado de PT para este curso:

- Alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º cursos de ESO con NEAE e/ou ACI, se é o caso.

d) Formación Profesional Básica

Lexislación:

Real Decreto 127/2014, do 28 de febrero, polo que se regulan aspectos específicos de la Formación Profesional Básica.

Orde do 5 de agosto de 2014, polo que se regulan aspectos específicos para a implantación das ensinanzas de formación profesional básica no curso académico 2014-15.

Orde do 14 de agosto de 2014, pola que se regula o acceso e a admisión aos ciclos de formación profesional básica e se autoriza a súa oferta para o curso 2014-15.

Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.

Resolución do 26 de maio de 2022, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do proceso de admisión das ensinanzas de Formación Profesional de Grao Básico para o curso 22-23.

Procedemento para realizar a proposta de incorporación:

- O equipo docente dos grupos de ESO con alumnado que poida ser proposto para realizar ciclos formativos de FPB, xunto coa xefa do D.O., realizarán unha reunión onde se analice a situación escolar do alumnado en risco de non alcanzar o título da ESO. Nesta reunión establecerase unha relación de alumnado susceptible de se incorporar ás ensinanzas de FPB, que será asinada por todo o equipo docente e a xefa do D.O.

- Posteriormente, *o titor/a elaborará para cada alumno/ o Consello orientador, coa axuda da xefa do D.O., no que se fará constar:*
 - Grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias que xustifican a proposta.
 - Dificultades de aprendizaxe presentadas.
 - Medidas de atención á diversidade aplicadas, de ser o caso.
 - Motivos razoados polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno/a se integre nun ciclo formativo de F.P.B.

O consello orientador emitírase por duplicado e irá asinado polo titor/a do alumno/a, en nome do equipo docente, o xefe/a do departamento de orientación, e a persoa encargada da dirección do centro.

- A dirección do centro comunicarlles ao pai/nai/titores legais do alumno/a que este foi proposto/a para un ciclo formativo de FPB, e entregará un exemplar do consello orientador e o documento no que, de ser o caso, darán o consentimento para incorporar ao alumno/a a estas ensinanzas. O D .O. colaborará coa dirección do centro para informar ao alumnado e as familias do alumnado proposto acerca das características e finalidades dos ciclos de FPB.
- Documento de consentimento cuberto e asinado por calquera dos titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio destes, será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás nos supostos de alumnado afectado por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. Nestes casos, será necesario presentar,

xunto co documento, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

- Un exemplar do consello orientador e, de ser o caso, do documento de consentimento incluírase no expediente académico.

Requisitos de acceso á oferta obrigatoria:

- a) Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
- b) Ter cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso.
- c) Ser proposto/a polo equipo docente ao pai/nai ou á persoa que teña a titoría legal do alumno/a para a incorporación a un ciclo formativo de FPB.
- d) Ter o consentimento do pai/nai ou titores legais do alumno/a para cursar estas ensinanzas.

Solicitud de admisión:

O alumno/ que fose proposto deberá presentar unha única solicitud de admisión e matrícula, no centro no que pretende ser admitido e xuntaráse a seguinte documentación:

- 1) Copia do DNI ou NIE.
- 2) Comunicación de incorporación.
- 3) Certificado de discapacidade, no caso de participar no proceso de admisión pola reserva de prazas para persoas con discapacidade.

Procedemento de admisión:

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, no caso de existir maior número delas que de postos escolares dispoñibles, asignaranse as prazas conforme os seguintes criterios de prioridade:

- a) Alumnado que teña cursado 2º de ESO.
- b) Alumnado que teña cursado 3º de ESO.
- c) Alumnado que teña cursado 4º de ESO.

Dentro de cada grupo, ordenarase de menor a maior idade.

De quedar prazas vacantes, poderanse completar os grupos con persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que fagan 18, 19 ou 20 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
- b) Que non estean en posesión dun título de FP ou calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos.

e) Exención da 2ª lingua estranxeira

Protocolo de actuación:

1. Proposta do equipo de profesores da etapa ou do curso anterior.
2. Conformidade por escrito do alumno e os seus pais.
3. Informe da persoa titora do curso ou etapa anterior que explicitará o motivo da medida.
4. No caso de alumnado de nova incorporación ao centro: revisión da medida na xunta de avaliación inicial.
5. Autorización da dirección do centro.

Documentación necesaria:

- Informe do titor/a da etapa ou do curso anterior. **Protocolo: Informe do Titor/a da etapa ou curso anterior.**
- Conformidade escrita do alumno e pais. **Protocolo: Solicitud da Exención da 2ª lingua estranxeira por parte do pai/nai/titor-a legal.**
- Informe do titor do curso actual (se procede modificar a proposta). **Protocolo: Informe do Titor/a.**

- Documento de proposta á dirección do centro. **Protocolo: Comunicación á Dirección do Depto. De Orientación.**

De acordo coa 1ª medida ordinaria de atención á diversidade do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, a distribución do alumnado que ten esta medida de exención establecerase de acordo cos principios de: normalización, inclusión, equidade, non discriminación, interculturalidade e promoción da convivencia.

4. PROCEDEMENTO QUE SE SEGUIRÁ PARA PÓR EN MARCHA AS DIFERENTES MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. Durante o curso anterior recabarase información sobre posibles necesidades detectadas nos grupos da ESO, a través das reunións dos titores/as coa orientadora, dos resultados das probas de avaliación inicial de comezos de curso, das diferentes sesións de avaliación, e do Informe Final de Avaliación. Así mesmo recabarase a información procedente dos colexios de Primaria a través das reunións cos orientadores/as dos centros adscritos.
2. Aínda que en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten dificultades hai que establecer os apoios e reforzos oportunos, será na 2º sesión de avaliación onde se concrete que medidas de atención á diversidade, de cara ao próximo curso, garantirán unha resposta axeitada ás necesidades detectadas do alumnado.
3. Nesta reunión realízase a selección do alumnado para cada medida e comezarase a informar ás familias durante o terceiro trimestre.
4. Nos meses de xuño e setembro, tendo en conta os recursos materiais e persoais cos que vai dispor o centro, decidírase as medidas de atención á diversidade de cara ao curso. Dita proposta formará parte da Programación Xeral Anual.
5. Naqueles casos no que o alumnado se escolarice durante o curso, realizaráselle unha avaliación inicial por parte do equipo de profesorado. Si se detectan graves carencias no seu proceso de aprendizaxe, derivarase ao Departamento de Orientación (*necesitarase*

o protocolo de derivación) para a realización dunha avaliación psicopedagóxica coa finalidade de identificar as necesidades educativas e poder establecer as medidas máis axeitadas.

6. Nos casos en que, por propia decisión das nais, pais e titores e titoras legais e/ou derivación do departamento de orientación, o alumnado estea sendo atendido por profesionais externos ao centro, estableceranse os contactos necesarios para intercambiar información relevante e buscar vieiros de comunicación coa finalidade de fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado.

5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

A avaliación efectuarase a dous **niveis**:

- Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado que participou nas diferentes actuacións e medidas de atención á diversidade.
- Avaliación das medidas de atención á diversidade implementadas.

O proceso a seguir é:

- Análise e valoracións a través das reunións dos titores/as coa orientadora, e co profesor de PT, de ser o caso.
- Análise e valoración nas reunións dos departamentos didácticos.
- Seguimento a través das reunións do departamento de orientación.
- Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Avaliación inicial: A revisión do plan realizarase a principios de curso, atendendo ás conclusións recollidas e obtidas na avaliación do curso pasado e as circunstancias existentes en ese momento.

Avaliación continua: Ao longo do curso, o equipo directivo e o departamento de orientación irán facendo un seguimento do desenvolvemento do plan e da programación para introducir os axustes necesarios.

Avaliación final: O obxectivo desta avaliación será o de analizar cunha periodicidade anual, preferentemente ao final de cada curso, a adecuación deste á realidade do centro, e deseñar as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.

Os instrumentos para a recollida de datos serán: intercambios orais, escalas e cuestionarios e entrevistas, entre outros. Estes serán aplicados ás persoas implicadas no seu deseño e/ou desenvolvemento (departamentos, titores/as, profesorado), como os seus destinatarios (alumnado, pais).

Os criterios de avaliación para determinar a calidade do plan e programación da atención á diversidade son:

- Adecuación ás necesidades reais do centro.
- Logros acadados no referente aos obxectivos previstos.
- Adecuación da temporalización.
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa.
- Nivel de colaboración e participación dos servizos externos ao centro.
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

Con estes datos, ao final de cada curso, o Departamento de Orientación elaborará a correspondente memoria do departamento con as propostas de mellora.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2023.

A Orientadora,



Asdo.: M^a Alejandra Vidal Fidalgo.